Plan de Axudas

Programa Leader Galicia 2007 - 2013

asdecomor
Asociación de Desenvolvemento
Comarca de Ordes

ÍNDICE

1. Prazo para a presentación de proxectos **3**

2. Requisitos xerais dos proxectos **3**

3. Beneficiarios **4**

4. Tipoloxías de accións subvencionables **5**

5. Limitacións sectoriais **7**

6. Solicitude e documentación **8**

7. Lugar de presentación da documentación **10**

8. Réxime xeral de subvencionabilidade dos gastos **10**

- Gastos subvencionables con carácter xeral
- Gastos non subvencionables con carácter xeral

9. Baremo, porcentaxes de axuda e contía da subvención **13**

- ***Proxectos de carácter produtivo*** **13**
  - Regra xeral para a asignación das porcentaxes de axuda (medidas 411 e 413)
  - Baremo de proxectos produtivos
- **Proxectos de carácter non produtivo** **19**
  - Regra xeral para a asignación das porcentaxes de axuda (medidas 412 e 413)
  - Baremo de proxectos non produtivos
- **Anexos do baremo** **26**

10. Prazo para a resolución das axudas **31**

11. Obrigas dos beneficiarios das axudas **31**

12. Cadro orzamentario **32**

13. Réxime de axudas polo que se rexe o programa **34**



Edita:
Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes

Imprime:
Litonor

Dep. Legal:

1. PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

O prazo de presentación de proxectos para ser subvencionados con cargo ao Programa Leader de Galiza 2007-2013 xestionado polo GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes **iníciase** o **7 de setembro de 2009** e esténdese durante todo o período **ata o 1 de setembro de 2013**.

2. REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS

- Estar localizados no ámbito territorial de actuación do GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes, formado polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.
- Ser **viables** técnica, económica e financeiramente.
- **Axustarse á normativa sectorial** que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser **finalista**, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos.
- Ter **carácter innovador**, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
- Que o **investimento** para o cal se solicita a axuda **non se iniciase**.

3. BENEFICIARIOS

Os proxectos poderán ser promovidos por:

- Persoas físicas.
- Persoas xurídicas de carácter privado:
  - Sociedade laboral
  - Sociedade mercantil
  - Sociedade civil
  - Sociedade agraria de transformación
  - Cooperativa
  - Asociación
  - Fundación
- Entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- As comunidades de montes veciñais en mancomún e as súas mancomunidades.

4. TIPOLOXÍAS DE ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

Os proxectos subvencionables deberán encadrarse nalgunhas destas tipoloxías:

1.Dinamización do sector gandeiro e forestal (só proxectos produtivos) Medida 411

- Investimento no sector agrario que impliquen:
  - introdución de novas técnicas de produción
  - recuperación de variedades tradicionais
  - apoio ás novas produción
  - produción extensivas en áreas ambientais sensibles
  - mellora da eficacia enerxética das explotacións
  - aplicación das TICs nas explotacións
- Aumento do valor económico dos montes (excluíndo as plantacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados)
- Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais
  - Transformación e comercialización de produtos agrarios
  - Transformación e comercialización de produtos forestais
- Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal

2.Mellora ambiental e do contorno rural (só proxectos non produtivos) Medida 412

- Investimentos non produtivos en explotacións agrarias, tales como:
  - Actuacións realizadas na explotación para a mellora da paisaxe en zonas Natura 2000 ou outras zonas de alto valor natural
  - Actuacións de recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe agraria
- Investimentos non produtivos en espazos forestais
  - Restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e paisaxístico e de conservación da biodiversidade
  - Uso social, educativo e recreativo dos montes
- Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural

3.Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (tanto proxectos produtivos como non produtivos) Medida 413

- Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias (actividades produtivas complementarias que se desenvolvan na propia explotación agraria)

- Transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades locais na explotación
- Elaboración e venda de produtos artesanais
- Agroturismo
- Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización do patrimonio natural e/ou cultural ou ao ecosistema agrario ou forestal
- Prestación de servizos á poboación

• Creación, ampliación e modernización de pemes en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria

• Fomento de actividades turísticas
  - Infraestruturas a pequena escala (por ex.: centros de información turística)
  - Rutas de camiñadas
  - Desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural

• Servizos para a economía e a poboación rural (actividades culturais e de lecer, implantación de servizos e as súas infraestruturas, actividades vinculadas á mellora de sectores produtivos do territorio)

• Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural
  - Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural (recuperación de sistemas silvopastorís en montes veciñais sen finalidade produtiva)
  - Desenvolvemento de lugares de alto valor natural
  - Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural

• Formación vinculada a proxectos de investimento material

5. LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Dentro do programa Leader Galiza 2007-2013 establécense limitacións para a subvencionabilidade da seguinte tipoloxía de proxectos:

- Non son subvencionables **os centros-residencia de maiores e os centros de protección e reeducación de menores**. Non están afectados por esta exclusión as vivendas comunitarias, vivendas tuteladas e centros de día de maiores non dependentes.
- Os proxectos promovidos por entidades públicas e destinados á **prestación de servizos do ambito de actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar** só serán subvencionables cando a xestión do centro se integre no devandito consorcio.
- Quedan excluídos de subvencionabilidade os **establecementos de turismo rural do grupo D**.
- Nos establecementos de **turismo rural dos grupos A e B** e nos **establecementos hoteleiros**, non son financiables investimentos en novas prazas de aloxamento.
- Nos establecementos de **turismo rural do grupo C**, os investimentos que impliquen a creación de novas prazas de aloxamento só serán financiables nos concellos nos que se acredite a través dun informe conxunto entre Agader e a Dirección Xeral de Turismo a escaseza de prazas.
- En proxectos que inclúan as **prazas de aloxamento como unha actividade complementaria á principal** (educativa, cultural...) o gasto vinculado ás prazas de aloxamento será gasto elixible cando constitúa unha partida minoritaria dentro do proxecto (inferior ao 30% do investimento).
- Quedan excluídos de financiamento **investimentos en enerxías renovables para a venda á rede.**
- Nos establecementos de **hostalaría e comercio polo miúdo** só son subvencionables establecementos dedicados á valorización de produtos ou recursos propios do territorio.
- Os investimentos en **actividades de asesoría, seguros, perruquerías, tinturarías, talleres de reparacións, despachos profesionais e asimilados** só serán subvencionables en núcleos de poboación onde non haxa ningún establecemento que preste este servizo.
- **Centros sociais** e o seu acondicionamento e equipamento, só serán subvencionables proxectos en centros de uso abertos á poboación en xeral.

6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

En relación co proxecto que pretendan realizar, os promotores deberán presentar:

- **Solicitude de axuda en triplicado exemplar,** segundo o **modelo normalizado**
- **Documentación** (orixinal ou copia cotexada)
  - Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF,DNI,CIF), e, de ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.
  - Declaración censual tributaria (036 ou 037) ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á AEAT, cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
  - Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos da entidade solicitante debidamente inscritos no rexistro competente.
  - Últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual na que figure o nº de empregados, o balance anual e volume de negocio do último exercicio pechado. No caso de persoas físicas, a última declaración da renda.
  - No caso de que o proxecto supoña a creación ou mantemento de emprego debe achegarse informe de vida laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social referido ao ano anterior ao de presentación desta solicitude, así como os recibos de autónomos da empresa.
  - Declaración doutras axudas concedidads e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, segundo o **modelo normalizado**.
  - Resumo do proxecto segundo o **modelo normalizado**. Se se estima conveniente poderá achegarse memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacions necesarias para a súa compresión.
  - Orzamento detallado dos gastos necesarios para a execución do proxecto, con indicación, se procede, das partidas que supoñan unha achega en especie ou achega de medios humanos propios, segundo o **modelo normalizado**.
  - Para cada gasto proposto superior a 12.000 no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica (ou 30.000 no suposto de obra civil), deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades

que o subministren ou o presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de acordo cos criterios de eficacia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, segundo o modelo normalizado.

- As entidades públicas de caracter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.
- Para proxectos produtivos, plan de empresa, coa xustificación da súa viabilidade económica e financeira para un periodo mínimo de 5 anos.
- No caso de que o proxecto requira obra civil, deberá achegarse memoria valorada, anteproxecto ou proxecto asinado por un técnico competente, coa desagregación das diferentes partidas orzamentarias.
- Plano de localización do proxecto, aldea e parroquia á que pertence, e de ser o caso a súa inclusión en zona da Rede Natura.
- Para proxectos non produtivos plan de xestión segundo o **modelo normalizado**.
- Certificación da AEAT do réxime de aplicación do IVE, no suposto de que se solicite a exención.
- Código de explotación agraria no suposto de investimentos no sector agrario.
- Certificado da entidade financiera no que conste o número da conta da que sexa titular o promotor e na que se desexa percibir a subvención.

Os **modelos normalizados** serán facilitados aos promotores na sede do GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes.

7. LUGAR E PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Os promotores deberán presentar a solicitude e a documentación requerida no rexistro do GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes de luns a venres de 9.00 a 14.30 horas

GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes
Oficina Comarcal da Xunta de Galicia
Rúa Galicia s/n
15680 Ordes
Tel. 981 697 832 / 981 682 935
Fax. 981 697 832
Email. *asdecomor@telefonica.net*
asdecomor.domingo@telefonica.net

8. RÉXIME XERAL DE SUBVENCIONABILIDADE DOS GASTOS

1. Gastos subvencionables con carácter xeral

- Construción, adquisición e mellora de bens inmobles.
- Instalación e compra de maquinaria e equipamentos, incluídos programas informáticos.
- Equipamento e material non funxible.
- Adquisición de terreos non edificados (límite do 10% do investimento subvencionable).
- Custos xerais: estudos técnicos, gastos de proxectos, dirección de obra, estudos de viabilidade, adquisición e expedición de patentes e licenzas e outros gastos de consultoría relativos aos investimentos realizados (límite 20% do investimento subvencionable).
- Gastos derivados da adecuación de vehículo de transporte de mercadorías para o desenvolvemento da actividade empresarial, con exclusión do sector do transporte.
- Adquisición de vehículos de transporte industriais ou comerciais en proxectos que supoñan o inicio dunha actividade, con exclusión do sector do transporte.

2. Gastos non subvencionables con carácter xeral

- IVE excepto se non é recuperable.
- Os demais impostos indirectos se son recuperables e os impostos persoais sobre a renda.
- Gastos de funcionamento da actividade material funxible.
- Gastos de constitución, rexistrais e notariais.
- Os intereses debedores.
- Os gastos anteriores ao levantamento da acta de no inicio a excepción dos gastos relativos a estudos de viabilidade ou redaccion de proxectos.
- A reposición ou mera substitución de equipamento e maquinaria.
- As obras de mantemento das instalacións.
- Os gastos de alugamento de equipamentos e os investimentos financiados mediante *leasing*.
- Adquisición de vehículos de transporte externo en proxectos que non supoñan o inicio dunha actividade.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- A compra de dereitos de producion agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación.
- As partidas de gastos xerais e o beneficio industrial dos proxectos, agás nos proxectos de promoción pública.

9. BAREMO, PORCENTAXES DA AXUDA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Os proxectos aprobados serán baremados segundo o seu carácter podutivo ou non produtivo aplicando o baremo aprobado por Agader con data 28 de agosto de 2009.

A porcentaxe de axuda e a súa contía determinarase en base á puntuación obtida polo proxecto en aplicación do baremo aprobado. As regras que rexen o baremo son as que se recollen a continuación.

9.1. PROXECTOS DE CARÁCTER PRODUTIVO

9.1.1. Regra xeral para a asignación das porcentaxes de axuda (Medida 411 e 413)

Puntuación mínima (nota de corte): os proxectos deberán acadar unha puntuación mínima de 12 puntos no baremo, correspondendo unha porcentaxe de axuda mínima do 25%.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (12 puntos) a porcentaxe de axuda increméntase adicionalmente en 0,38 puntos porcentuais (0, 38%).

Cunha puntuación maior ou igual a 65 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima segundo a tipoloxía de proxecto, que como regra xeral para as medidas 411 e 413 é dun 45%.

Importe máximo de axuda por proxecto:
Medida 411: 250.000 euros (200.000 euros por mínimis).
Medida 413: 200.000 euros.

9.1.2. BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS	**MÁX. 100 PUNTOS**
A. EMPRAZAMENTO XEOGRÁFICO DO PROXECTO	MÁX. 40,00 PUNTOS
A.1 Características económicas do Concello no que se localiza o proxecto (IMRF)	***Máx. 10,00 puntos***
IMRF maior do 70% e menor ou igual ao 80% da media galega. TORDOIA	10,00
IMRF maior do 80% e menor ou igual ao 90% da media galega. FRADES, MESÍA E TRAZO	7,50
IMRF maior do 90% e menor ou igual ao 100% da media galega. OROSO	5,00
IMRF maior do 100% da media galega. CERCEDA E ORDES	0,00
A.2 Densidade de poboación (hab.2007/km2 do Concello no que se localiza o proxecto	***Máx. 7,50 puntos***
Densidade de poboación entre 25 e 45 hab./km2 (os dous incluídos). FRADES, MESÍA, TORDOIA E TRAZO	7,50
Densidade de poboación entre 46 e 65 hab./km2 (os dous incluídos). CERCEDA	6,00
Densidade de poboación entre 66 e 85 hab./km2 (os dous incluídos). ORDES	4,50
Densidade de poboación entre 86 e 100 hab./km2 (os dous incluídos). OROSO	3,00
A.3 Variación de poboación entre 2002-2007 no Concello no que se localiza o proxecto	***Máx. 7,50 puntos***
Caída da poboación maior ou igual ao 7,50 % e menor ao 10,00 %. TORDOIA	7,50
Caída da poboación maior ou igual ao 5,00 % e menor ao 7,50%. FRADES, MESÍA E TRAZO	5,00
Incremento da poboación. CERCEDA, ORDES E OROSO	0,00
A.4 Núcleo ou entidades de poboación no que se localiza o proxecto (poboación total de parroquias)	***Máx. 10,00 puntos***
Poboación da parroquia menor ou igual a 300 hab.	10,00
Poboación da parroquia maior de 300 hab. e menor ou igual a 500 habitantes	8,00
Poboación da parroquia maior de 500 hab. e menor ou igual a 800 habitantes	6,00

Poboación da parroquia maior de 800 hab. e menor ou igual a 1.500 habitantes	4,00
Poboación da parroquia maior de 1.500 hab. e menor a 2.500 habitantes	2,00
Poboación da parroquia maior ou igual de 2.500 habitantes	0,00
A.5 Índice de dependencia senil do concello onde se localiza o proxecto	***Máx. 5,00 puntos***
Índice maior ou igual a 50. MESÍA E TORDOIA	5,00
Índice maior ou igual a 45 e menor de 50. TRAZO	4,00
Índice maior ou igual a 40 e menor de 45.CERCEDA E FRADES	3,00
Índice maior ou igual a 30 e menor de 40. ORDES	2,00
Índice menor de 30. OROSO	1,00

B. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR	MÁX. 15,00 PUNTOS
B.1 Colectivo ao que pertence (de reunirse varias só se terá en conta a condición que outorgue máis puntuación)	***Máx. 13,00 puntos***
B.1.1 Persoas físicas	**Máx. 13,00 puntos**
Persoas con discapacidade maior ou igual ao 33%	13,00
Mulleres maltratadas	11,00
Xitanos e ex–drogodependentes	10,00
Inmigrantes ou emigrantes retornados	9,00
Mulleres con idade menor a 35 anos	7,00
Mulleres con idade maior a 55 anos	5,00
Homes con idade menor a 35 anos	3,00
Homes con idade maior a 55 anos	2,00
Mulleres con idade maior a 35 anos e menor a 55 anos	1,00
B.1.2 Persoas xurídicas	**Máx. 13,00 puntos**
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de persoas físicas ou colectivos con discapacidade maior ou igual ó 33%	13,00
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de persoas físicas ou colectivos de mulleres maltratadas	11,00

Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de persoas físicas ou colectivos de xitanos ou drogodependentes	10,00
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de persoas físicas ou colectivos de inmigrantes ou emigrantes retornados	9,00
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de mulleres con idade menor a 35 anos	7,00
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de mulleres con idade maior a 55 anos	5,00
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de homes con idade menor a 35 anos	3,00
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de homes con idade maior a 55 anos	2,00
Cando, polo menos o 50% do capital social está en mans de mulleres con idade maior a 35 anos e menor a 55 anos	1,00
B.2 Uso do galego	**Máx. 2,00 puntos**
Uso do galego na execución e desenvolvemento do proxecto	2,00

C. INCIDENCIA NO EMPREGO	MÁX. 25,00 PUNTOS
C.1 Volume de empregos xerados (tomados como UTA: é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA)	***Máx. 10,00 puntos***
6 ou máis empregos	10,00
Igual ou máis de 4 e menos de 6	8,00
Igual ou máis de 2 e menos de 4	6,00
Igual ou máis de 1 e menos de 2	4,00
Igual ou máis a 0, 50 e menos de 1	2,00
C.2 Contratación de colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade ou risco de exclusión social, drogodependentes, xitanos, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Risga, parados de longa duración, mulleres ou homes con idade inferior a 35 anos ou superior a 55 anos	***Máx. 7,50 puntos***
Contratación de persoas de colectivos desfavorecidos nunha porcentaxe superior ao 50% dos contratados	7,50

Contratación de persoas de colectivos desfavorecidos nunha porcentaxe superior ao 40% e menor ou igual ao 50%	6,00
Contratación de persoas de colectivos desfavorecidos nunha porcentaxe superior ao 30% e menor ou igual ao 40%	4,50
Contratación de persoas de colectivos desfavorecidos nunha porcentaxe superior ao 20% e menor ou igual ao 30%	2,00
Contratación de persoas de colectivos desfavorecidos nunha porcentaxe menor ao 20%	1,00
C.3 Creación neta de emprego: E = investimento aceptado/emprego bruto a crear	***Máx. 5,00 puntos***
Se E é inferior ou igual a 60.000 euros	5,00
Se E é maior a 60.000 e menor ou igual a 120.000 euros	3,00
Se E é maior a 120.000 e menor ou igual a 240.000 euros	1,00
C.4 Mantemento do emprego: M = investimento aceptado/media de traballadores do ano anterior	***Máx. 2,50 puntos***
Se M é inferior ou igual a 60.000 euros	2,50
Se M é maior a 60.000 e menor ou igual a 120.000 euros	1,50
Se M é maior a 120.000 e menor ou igual a 240.000 euros	1,00

D. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	MÁX. 20,00 PUNTOS
D.1 Correspondencia cos eixos principais da estratexia do GDR	***Máx. 10,00 puntos***
Actuación no eido dos servizos sociais (centros de día, vivendas tuteladas, garderías, escolas infantís, centros ocupacionais e actuacións similares)	10,00
Iniciativas no sector das TICs e NTI	8,00
Iniciativas do sector téxtil	6,00
Diversificación e/ou valorización de produtos agroalimentarios e forestais	6,00
Desenvolvemento do potencial turístico	2,00
D.2 Emprego de factores produtivos da zona (os puntos son acumulables)	***Máx. 5,00 puntos***
Utilización de materias primas locais	2,00
Utilización de man de obra local	2,00

Utilización de empresas provedoras locais	1,00
D.3 Incidencia medioambiental (de reunirse varias só se terá en conta a condición que outorgue máis puntuación)	***Máx. 5,00 puntos***
Conservación e/ou mellora do ecosistema natural (en áreas sensibles medioambientalmente) e /ou contribución á prevención de incendios forestais	5,00
Proxectos de rehabilitación ou mellora do patrimonio histórico – artístico ou cultural	4,00
Emprego de enerxías renovables (mínimo un 25% da potencia enerxética total instalada)	3,00
Reciclaxe de produtos	2,00
Eliminación de impactos visuais	1,00



9.2. PROXECTOS DE CARÁCTER NON PRODUTIVO

9.2.1. Regra xeral para a asignación das porcentaxes de axuda

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA (PORCENTAXE MÁXIMA DE AXUDA DO 100%)

Puntuación mínima (nota de corte): 15 puntos correspondendo unha porcentaxe de axuda mínima do 55%.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (15 puntos) a porcentaxe de axuda increméntase adicionalmente en 0,90 puntos porcentuais (0,90%).

Cunha puntuación maior ou igual a 65 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima do 100%.

Importe máximo de axuda por proxecto: 250.000 euros.

Considéranse proxectos non produtivos de prioridade alta os seguintes:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
- Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE MEDIA (PORCENTAXE MÁXIMA DE AXUDA DO 70%)

Puntuación mínima (nota de corte): 15 puntos correspondendo unha porcentaxe de axuda mínima do 45%.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (15 puntos) a porcentaxe de axuda increméntase adicionalmente en 0,50 puntos porcentuais (0,50%).

Cunha puntuación maior ou igual a 65 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima do 70%.

Importe máximo de axuda por proxecto: 250.000 euros.

Considéranse proxectos non produtivos de prioridade media os seguintes:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación,

museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.

- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE BAIXA (PORCENTAXE MÁXIMA DE AXUDA DO 50%)

Puntuación mínima (nota de corte): 15 puntos correspondendo unha porcentaxe de axuda mínima do 35%.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (15 puntos) a porcentaxe de axuda increméntase adicionalmente en 0,30 puntos porcentuais (0,30%).

Cunha puntuación maior ou igual a 65 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima do 50%.

Importe máximo de axuda por proxecto: 250.000 euros.

a. Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías, páxinas web, terán un límite *máximo de axuda de 30.000 por proxecto*.

b. Centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento. *Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 por proxecto.*

Considéranse proxectos non produtivos de prioridade baixa os seguintes:

- Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Non serán elixibles dentro das estratexias de desenvolvemento rural os proxectos de sinalización territorial, nin os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3º, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

9.2.2. Baremo para proxectos non produtivos	**MÁX. 100 PUNTOS**
A. EMPRAZAMENTO XEOGRÁFICO DO PROXECTO	MÁX. 40,00 PUNTOS
A.1 Características económicas do Concello no que se localiza o proxecto (IMRF)	***Máx. 10,00 puntos***
IMRF maior do 70% e menor ou igual ao 80% da media galega. TORDOIA	10,00
IMRF maior do 80% e menor ou igual ao 90% da media galega. FRADES, MESÍA E TRAZO	7,50
IMRF maior do 90% e menor ou igual ao 100% da media galega. OROSO	5,00
IMRF maior do 100% da media galega. CERCEDA E ORDES	0,00
A.2 Densidade de poboación (hab.2007/km2 do Concello no que se localiza o proxecto	***Máx. 7,50 puntos***
Densidade de poboación entre 25 e 45 hab./km2 (os dous incluídos). FRADES, MESÍA, TORDOIA E TRAZO	7,50
Densidade de poboación entre 46 e 65 hab./km2 (os dous incluídos). CERCEDA	6,00
Densidade de poboación entre 66 e 85 hab./km2 (os dous incluídos). ORDES	4,50
Densidade de poboación entre 86 e 100 hab./km2 (os dous incluídos). OROSO	3,00
A.3 Variación de poboación entre 2002-2007 no Concello no que se localiza o proxecto	***Máx. 7,50 puntos***
Caída da poboación maior ou igual ao 7,50% e menor ao 10,00%. TORDOIA	7,50
Caída da poboación maior ou igual ao 5,00% e menor ao 7,50%. FRADES, MESÍA E TRAZO	5,00
Incremento da poboación. CERCEDA, ORDES E OROSO	0,00
A.4 Núcleo ou entidades de poboación no que se localiza o proxecto (poboación total de parroquias)	***Máx. 10,00 puntos***
Poboación da parroquia menor ou igual a 300 hab.	10,00
Poboación da parroquia maior de 300 hab. e menor ou igual a 500 habitantes	8,00
Poboación da parroquia maior de 500 hab. e menor ou igual a 800 habitantes	6,00

Poboación da parroquia maior de 800 hab. e menor ou igual a 1.500 habitantes	4,00
Poboación da parroquia maior de 1.500 hab. e menor a 2.500 habitantes	2,00
Poboación da parroquia maior ou igual de 2.500 habitantes	0,00
A.5 Índice de dependencia senil do concello onde se localiza o proxecto	***Máx. 5,00 puntos***
Índice maior ou igual a 50. MESÍA E TORDOIA	5,00
Índice maior ou igual a 45 e menor de 50. TRAZO	4,00
Índice maior ou igual a 40 e menor de 45. CERCEDA E FRADES	3,00
Índice maior ou igual a 30 e menor de 40. ORDES	2,00
Índice menor de 30. OROSO	1,00

B. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO	MÁX. 20,00 PUNTOS
B.1 Proxectos de promoción pública	***Máx. 18,00 puntos***
B.1.1 Vertebración comarcal	**Máx. 10,00 puntos**
A promoción do proxecto ten carácter supramunicipal	10,00
A promoción do proxecto ten carácter municipal	7,00
B.1.2 Obxecto do proxecto	**Máx. 8,00 puntos**
Ten carácter supramunicipal	8,00
Ten carácter municipal	6,00
B.2 Proxectos de promoción privada	***Máx. 18,00 puntos***
B.2.1 Vertebración comarcal	**Máx. 10,00 puntos**
A promoción do proxecto ten carácter supramunicipal	10,00
A promoción do proxecto ten carácter municipal	7,00
B.2.2 Características do promotor	**Máx. 8,00 puntos**
No equipo promotor están presentes polo menos un 30% de colectivos desfavorecidos - persoas con discapacidade ou risco de exclusión social, drogodependentes, xitanos, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Risga, parados de longa duración, mulleres ou homes (<35 anos ou >55 anos)	8,00

B.3 Uso do galego	***Máx. 2,00 puntos***
Uso do galego na execución e desenvolvemento do proxecto	2,00
C. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	MÁX. 40,00 PUNTOS
C.1 Incidencia sobre a mellora da calidade de vida (de reunirse varias só se terá en conta a condición que outorgue máis puntuación)	***Máx. 10,00 puntos***
Servizos sociais básicos para a terceira idade, conciliación da vida familiar e laboral e colectivos con discapacidade ou dependencia	10,00
Servizos e infraestruturas que favorezan o asociacionismo e/ou as actividades culturais no territorio	8,00
Servizos de ocio, educativos, sanitarios, actividades deportivas ou uso das TICs	6,00
C.2 Capacidade para favorecer o xurdimento ou consolidación de iniciativas empresariais no territorio (puntos acumulables)	***Máx. 5,00 puntos***
Investimentos que complementen a oferta de servizos ou produtos de empresas implantadas no territorio	2,00
O proxecto supón a implantación dunha actividade inexistente no territorio	2,00
O proxecto supón a implantación dunha actividade inexistente no Concello	1,00
C.3 Creación de emprego directo e indirecto	***Máx. 10,00 puntos***
C.3.1 Creación de emprego directo	**Máx 5,00 puntos**
A iniciativa xera emprego directo como consecuencia da súa xestión posterior	5,00
C.3.2 Creación de emprego indirecto mediante o emprego de factores produtivos da zona (os puntos son acumulables)	**Máx 5,00 puntos**
Utilización de materias primas locais	2,00
Utilización de man de obra local	2,00
Utilización de empresas provedoras locais	1,00

	C.4 Incidencia sobre colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade ou risco de exclusión social, drogodependentes, xitanos, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Risga, parados de longa duración, mulleres ou homes (<35 anos ou > 55 anos)	***Máx. 10,00 puntos***
	As actuacións fundamentais do proxecto están dirixidas a colectivos desfavorecidos	10,00
	C.5 Incidencia medioambiental (de reunirse varias só se terá en conta a condición que outorgue máis puntuación)	***Máx. 5,00 puntos***
	Conservación e/ou mellora do ecosistema natural (en áreas sensibles medioambientalmente) e/ou contribución á prevención de incendios forestais	5,00
	Proxectos de rehabilitación ou mellora do patrimonio histórico-artístico ou cultural	4,00
	Emprego de enerxías renovables (mínimo un 25% da potencia enerxética total instalada)	3,00
	Reciclaxe de produtos	2,00
	Eliminación de impactos visuais	1,00

9.3. ANEXOS DO BAREMO

Anexo I: Táboa para valorar o criterio A.1 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos.

CONCELLO	IMRF	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	104,00	0,00
FRADES	86,00	7,50
MESÍA	87,00	7,50
ORDES	102,00	0,00
OROSO	98,00	5,00
TORDOIA	80,00	10,00
TRAZO	87,00	7,50

Anexo II: Táboa para valorar o criterio A.2 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos.

CONCELLO	DENSIDADE POBOAC. 2008	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	50,47	6,00
FRADES	33,44	7,50
MESÍA	28,40	7,50
ORDES	79,68	4,50
OROSO	94,37	3,00
TORDOIA	35,33	7,50
TRAZO	34,61	7,50

Anexo III: Táboa para valorar o criterio A.3 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos.

CONCELLO	VARIAC. POBOACIÓN 2002-2007	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	1,73	0, 00
FRADES	-6,69	5,00
MESÍA	-6,78	5,00
ORDES	2,86	0, 00
OROSO	16,04	0, 00
TORDOIA	-9,67	7,50
TRAZO	-5,79	5,00

Anexo IV: Táboa para valorar o criterio A.4 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos.

CONCELLO	NOME DA PARROQUIA	TOTAL	PUNTOS CRITERIO
MESÍA	BRUMA (SAN LOURENZO)	47,00	10,00
OROSO	PASARELOS (SAN ROMÁN)	60,00	10,00
OROSO	CALVENTE (SAN XOÁN)	101,00	10,00
FRADES	MESOS (SAN SALVADOR)	102,00	10,00
TORDOIA	TORDOIA (SAN XOÁN)	109,00	10,00
MESÍA	CASTRO (SAN SEBASTIÁN)	110,00	10,00
TORDOIA	LEOBALDE (SAN CRISTOVO)	138,00	10,00
TRAZO	VILOUCHADA (SAN VICENZO)	142,00	10,00
FRADES	CÉLTIGOS (SAN XULIÁN)	144,00	10,00
FRADES	LEDOIRA (SAN MARTIÑO)	163,00	10,00
FRADES	AÑÁ (SANTA MARÍA)	165,00	10,00
FRADES	FRADES (SAN MARTIÑO)	171,00	10,00
TRAZO	MONZO (SAN MARTIÑO)	171,00	10,00
MESÍA	LANZÁ (SAN MAMEDE)	172,00	10,00
OROSO	OS ÁNXELES (SAN MAMEDE)	175,00	10,00
MESÍA	ALBIXOI (SANTA MARIÑA)	179,00	10,00
MESÍA	BOADO (SANTIAGO)	182,00	10,00
TORDOIA	NUMIDE (SANTIAGO)	183,00	10,00
FRADES	AIAZO (SAN PEDRO)	184,00	10,00
OROSO	CARDAMA (SANTA MARÍA)	184,00	10,00
FRADES	VITRE (SAN XOÁN)	186,00	10,00
MESÍA	BASCOI (SANTIAGO)	191,00	10,00
TRAZO	TRAZO (SANTA MARÍA)	196,00	10,00
MESÍA	CABRUI (SAN MARTIÑO)	205,00	10,00
TRAZO	MORLÁN (SANTA MARÍA)	209,00	10,00
OROSO	MARZOA (SAN MARTIÑO)	235,00	10,00
ORDES	LESTA (SANTO ANDRÉ)	236,00	10,00
TRAZO	CASTELO (SANTA MARÍA)	238,00	10,00
ORDES	BARBEIROS (SANTA MARÍA)	242,00	10,00
MESÍA	CUMBRAOS (SANTA MARÍA)	246,00	10,00
FRADES	GALEGOS (SAN MARTIÑO)	248,00	10,00
OROSO	VILARROMARÍS (SAN TOMÉ)	267,00	10,00
TRAZO	BERREO (SAN MAMEDE)	286,00	10,00
ORDES	MERCURÍN (SAN CLEMENTE)	289,00	10,00
FRADES	PAPUCÍN (SANTA MARÍA)	304,00	8,00
MESÍA	OLAS (SAN LOURENZO)	311,00	8,00
OROSO	SENRA (SANTA EULALIA)	314,00	8,00
FRADES	GAFOI (SANTA MARIÑA)	324,00	8,00

CONCELLO	NOME DA PARROQUIA	TOTAL	PUNTOS CRITERIO
ORDES	PEREIRA (SANTAIA)	326,00	8,00
TRAZO	RESTANDE (SANTA MARÍA)	326,00	8,00
FRADES	MOAR (SANTAIA)	331,00	8,00
ORDES	BEÁN (SANTA MARÍA)	332,00	8,00
OROSO	DEIXEBRE (SANTA MARÍA)	336,00	8,00
ORDES	POULO (SAN XULIÁN)	340,00	8,00
ORDES	PARADA (SANTA MARIÑA)	347,00	8,00
TORDOIA	ANDOIO (SAN MAMEDE)	357,00	8,00
ORDES	VILAMAIOR (SANTIAGO)	359,00	8,00
TRAZO	BENZA (SAN PEDRO)	364,00	8,00
MESÍA	XANCEDA (SAN SALVADOR)	367,00	8,00
TRAZO	CAMPO (SAN XOÁN)	406,00	8,00
CERCEDA	AS ENCROBAS (SAN ROMÁN)	407,00	8,00
CERCEDA	XESTEDA (SANTA COMBA)	407,00	8,00
CERCEDA	MEIRAMA (SANTO ANDRÉ)	437,00	8,00
TORDOIA	CASTENDA DA TORRE (STA MARÍA)	441,00	8,00
MESÍA	MESÍA (SAN CRISTOVO)	462,00	8,00
FRADES	ABELLÁ (SANTO ESTEVO)	495,00	8,00
TRAZO	CHAIÁN (SANTA MARÍA)	502,00	6,00
OROSO	TRASMONTE (SANTO ESTEVO)	511,00	6,00
ORDES	BUSCÁS (SAN PAIO)	548,00	6,00
TORDOIA	A VILA DE ABADE (SAN CIBRÁN)	569,00	6,00
TORDOIA	GORGULLOS (SANTAIA)	582,00	6,00
TORDOIA	ANXERIZ (SANTA MARIÑA)	594,00	6,00
TORDOIA	BARDAOS (SANTA MARÍA)	598,00	6,00
MESÍA	VISANTOÑA (SAN MARTIÑO)	608,00	6,00
ORDES	LEIRA (SANTA MARÍA)	651,00	6,00
TRAZO	XAVESTRE (SAN CRISTOVO)	708,00	6,00
OROSO	A GÁNDARA (SAN MIGUEL)	719,00	6,00
ORDES	STA CRUZ DE MONTAOS (STA CRUZ)	879,00	6,00
TORDOIA	CABALEIROS (SAN XIÁN)	896,00	6,00
CERCEDA	QUEIXAS (SANTA MARÍA)	969,00	6,00
ORDES	ARDEMIL (SAN PEDRO)	1.052,00	4,00
CERCEDA	RODÍS (SAN MARTIÑO)	1.382,00	4,00
CERCEDA	CERCEDA (SAN MARTIÑO)	1.985,00	2,00
OROSO	OROSO (SAN MARTIÑO)	3.652,00	0,00
ORDES	ORDES (SANTA MARÍA)	6.758,00	0,00

Anexo V: Táboa para valorar o criterio A.5 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos.

INDICE DE DEPENDENCIA SENIL	ANO 2007	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	44,30%	3,00
FRADES	41,10%	3,00
MESÍA	50,10%	5,00
ORDES	30,20%	2,00
OROSO	19,80%	1,00
TORDOIA	50,90%	5,00
TRAZO	45,60%	4,00

Anexo VI: O promotor deberá ter en conta que a pesar de que algúns dos criterios son valorados "a priori", o seu cumprimento efectivo comprobarase no momento da certificación/xustificación dos investimentos. No caso de incumprimento realizarase unha rebaremación do proxecto e consecuentemente producirase unha variación na porcentaxe de axuda concedida.

Anexo VII: No criterio A, Localización Xeográfica, tanto en proxectos produtivos como non produtivos, cando o proxecto sexa promovido por varias entidades ou afecte a varios territorios, en relación coa puntuación a outorgar asignarase a máis beneficiosa.

10. PRAZO PARA A RESOLUCIÓN DA AXUDA

Con carácter xeral desde a presentación polo promotor de toda a documentación ante o GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes ata a resolución da concesión ou denegación da axuda transcorrerán un **mínimo de tres meses e un máximo de nove**.

11. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS

Os beneficiarios das axudas Leader deberán asumir as seguintes obrigas con carácter xeral:

- **Executar o proxecto** ou realizar a actividade, e **xustificar o cumprimento dos requisitos** e condicións que fundamentaron a concesión da axuda
- **Respectar o destino do investimento e manter os empregos** consolidados e creados durante os cinco anos posteriores á resolución de pagamento final da axuda
- **Os bens subvencionados quedarán afectos á actividade subvencionada** un **mínimo de cinco anos** desde a sua adquisición. No caso de bens inscritibles nun rexistro publico deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida
- **Conservar os documentos** xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos durante o periodo de permanencia dos investimentos
- **Someterse ás actuacións de comprobación** efectuadas por Agadez, polo GDR, así como calquera outras actuacións de control realizadas por calquera órgano competente
- **Comunicar a obtención doutras axudas** ou ingresos, públicos ou privados que financian as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención no momento en que se coñeza
- **Dispor dos libros contables**, rexistros dilixenciados e demais documentos nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, coa finalidade de garantir a axeitada comprobación e control
- **Adoptar as medidas de difusión e publicidade** nos termos sinalados polo GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes

12. CADRO ORZAMENTARIO

As dispoñibilidades orzamentarias por medidas de actuación e anualidades son as que se recollen no seguinte cadro segundo o Convenio de Colaboración asinado entre Agadez e o GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes para a aplicación do programa de desenvolvemento rural Leader con data do 21 de Xaneiro de 2009.

MEDIDA	TIPO DE PROXECTOS	2008	2009
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	37.565,25	73.378,80
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	25.043,50	48.919,20
4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	150.015,47	293.035,60
	Non produtivos	32.900,28	64.266,40
	TOTAL	182.915,75	357.302,00
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	187.580,72	366.414,40
	Non produtivos	57.943,78	113.185,60
	TOTAL	245.524,50	479.600,00
431. Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	39.283,92	76.736,00
	Promoción	9.820,98	19.184,00
	TOTAL	49.104,90	95.920,00
TOTAL PROGRAMA		294.629,40	575.520,00

Importes en euros

GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA				
2010	**2011**	**2012**	**2013**	**TOTAL**
73.893,20	77.090,35	76.592,23	75.886,69	414.406,51
49.262,13	51.393,56	51.061,48	50.591,13	276.271,01
295.089,83	307.857,53	305.868,30	303.050,77	1.654.917,50
64.716,92	67.517,04	67.080,77	66.462,85	362.944,26
359.806,75	375.374,56	372.949,07	369.513,62	**2.017.861,76**
368.983,03	384.947,87	382.460,53	378.937,46	2.069.324,01
113.979,05	118.910,60	118.142,26	117.053,98	639.215,27
482.962,08	503.858,47	500.602,78	495.991,44	**2.708.539,28**
77.273,93	80.617,36	80.096,45	79.358,63	433.366,28
19.318,48	20.154,34	20.024,11	19.839,66	108.341,57
96.592,42	100.771,69	100.120,56	99.198,29	**541.707,86**
579.554,49	604.630,17	600.723,34	595.189,73	**3.250.247,13**
			FEADER	1.870.842,25
			AXE	696.172,13
			XUNTA	383.232,75

13. RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA

O Programa Leader 2007-2013 réxese polo réxime de axudas publicado, xunto coas bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, no **DOG nº 115**, do luns 16 de xuño de 2008 e pola súa modificación publicada no **DOG nº 15**, do xoves 22 de xaneiro de 2009.

O réxime de axudas está dispoñible para a súa consulta no taboleiro de anuncios das oficinas do GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes ou na páxina web de AGADER. *http://agader.xunta.es/*

asdecomor
Asociación de Desenvolvemento
Comarca de Ordes

Oficina Comarcal da Xunta
Rúa Galicia, s/n
15680 Ordes (A Coruña)

asdecomor@telefonica.net
Tlf.: 981 697 832 I 981 682 935
Fax: 981 697 832

FEADER:
Europa inviste no rural